

IRIMIA



REVISTA MENSUAL
DE CRENTE GALEGOS
ANO XLII
Nº 1058
De marzo a
abril de 2024
Benia quen constrúe
a paz!



TEMOS XENTE E TERRA ÁS QUE COIDAR

DÍA DO LIBRO,
23 DE ABRIL.



O trasno

Daniel López Muñoz

O galo canta, a galiña chora ...

A última é a dos galiñeiros. A xente das aldeas -das “aldeas galas” galegas, esa xente brava, madura e acolledora que sobrevive ao imperio dunha agroindustria que é todo menos natural e ecolóxica - desconfía. Hai que dar de alta aos galiñeiros ou xa non podes mercar galiñas. Disque “non ten consecuencias” ese rexistro obrigatorio, pero, a maiores, está a cousa pensada para facelo “onlai”, ou ir a unha xestoría para que cho faga, ou desprazarse en taxi e agardar horas en colas nesa oficina agraria “residual” que queda a vinte quilómetros, ou pedirlle o favor a quen sei eu. A caída na venta de poñedoras é brutal. Igual se está creando outro mercado negro.

Recordo perfectamente cando desde este medio botabamos unhas risas cando o inigualable Paco Vázquez, co seu castelán de sete vogais, marca de orixe, prohibira aos coruñeses de barrios con horteiriños manter o consabido galiñeiro anexo, seica por resultar indecoroso nunha cidade con vocación de capital europea de non se sabe ben que, quizais do autoodio.

Despois viñeron os proxectos, precisamente de orixe europea, das cidades

verdes, as hortas urbanas, a descuberta, *Oh my God!*, de que as cidades debían “verdificarse” e “ruralizarse”, volver á natureza. Tendencia que se consolida co do cambio climático. Recordo asesorar a un doutorando holandés, un rapaz novo que estaba admirado pola resistencia da “ruralidade” en contornas semiurbanas de Galicia, do cal facía unha lectura en positivo, como modelo para unha nova organización europea do territorio urbano. E houbo proxectos como o das ovellas que rapan a herba dos parques, ou dos galiñeiros colectivos que reciclan os restos orgánicos de barrios enteiros -algo así emprendeuse en Pontevedra-, de xeito que ti achegas as túas lavaduras -tamén chamadas eslavas- e recolles ovos.

Un galiñeiro ben posto é o anexo ideal dunha casa con horta que tenda a iso que parece un descubrimento supermoderno, *chachi* e das últimas décadas: a produción e a economía circular. Pois non. A casa rural galega era - é, nas aldeas galas resistentes- dunha circulari-

dade perfecta. Os residuos orgánicos eran -son- mínimos ou inexistentes, grazas ás pitas e ao porco.

Dicía Castelao que entre pau e pau, folgan as costas. O acoso e derrube vén de lonxe. Empezou con aquilo de “improdutividade”, do “futuro mellor para fillas e fillos”, da “imprescindible especialización intensiva”, daqueles créditos imposibles, despois desapareceu o servizo de extensión agraria, ... Quizais preparando o territorio para montar cousas como esa nova pasteira (ver editorial) nas terras da Ulloa, e os macroeólicos. A xente labrega e a súa economía circular, estorbabane estorban.



©Foto: <https://www.dendealimia.com/texto-diario/mostrar/4756017/tres-dias-rexistrar-4-galinas>

ALTRI, a “Marca Galicia” e o debate furtado

Un dos maiores potenciais económicos de Galicia é o que se chama un “intanxible”, algo que non se toca, que non é “material”. Estamos falando da imaxe, do “imaxinario”, como se adoita dicir, que provoca a expresión Galicia cando se pronuncia en Europa: natureza e alimentos, verdor, aire limpo, ríos, rías, fragas e pasteiros. Pode parecer unha afirmación bucólica, pastoril, pero curiosamente é un activo económico de futuro: os mercados funcionan así, necesitan sitios impolutos (ou cando menos non tan “polutos” como a media), algo así como reservas dunha agrosfera alternativa, ecolóxica e “apetecible”. Para o mercado “bio” Galicia sae con moita vantaxe.

Economicamente falando o Camiño de Santiago foi un escaparate que favoreceu esa construción da “marca Galicia” como verde e natural, enxebre e ecolóxica.

O gran proxecto industrial do goberno da Xunta para o interior de Galicia chámase “Altri”, unha nova celulosa. Ten matriz portuguesa, aínda que non o queren en Portugal e está proxectado construíla en Palas de Rei, no Camiño Francés. Ese polo que pasan 220.000 peregrinos cada ano.

Parecería pensado para demostrar aos camiñantes que aquela imaxe de Galicia era realmente “imaxinaria”, e que queremos ser uns máis no exército europeo das áreas contaminadas e contaminantes.

E dado que se furta o debate público, porque a TVG se dedica a outras cousas, comeza a resistencia de base nas redes sociais: #porunhulloaviva #celulosasfóra #nonmetoquenoulla #Altrinon #defendamosanosaauga

E imos tendo información, tamén da RTVE en Galicia.

Altri consumirá 46 millóns de litros de auga/día e verterá despois ao Ulla esas augas, pero non no mesmo estado. É coñecido o funcionamento das celulosas e o antes e o despois da súas augas.

O Ulla, por debaixo da Ulloa, haberá que “repotabilizalo” dado que agora fornece de auga potable a 150.000 persoas dos concellos de Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal, Ribeira, Padrón, Dodro, Catoira, Valga, Pontecesures, Vilagarcía e Teo. E o cambio climático, ademais, anticipa períodos de seca. Saben estes concellos o risco que van correr?

Emitirá xofre e óxido de nitróxeno pola súa cheminea de 76 metros de altura, o que implica fedor, afeccións respiratorias, contaminación da terra cultivable. Sen esquecer o efecto tractor na eucaliptización: plantacións masivas de eucalipto na zona centro de Galicia para fornecer a empresa de materia prima.

Nas redes fanse esa pregunta: vanse crear postos de traballo, certo, pero cantos se crearían se no canto de financiar esa Celulosa con 280 millóns de euros de diñeiro público se fixera un plan para iniciar 280 empresas de produción de alimentos saudables?

Pero iso todo é parte do debate furtado sobre que Galicia interior queremos.

Dado que se furta o debate público sobre Altri, comeza a resistencia de base nas redes sociais

O trigo e palla das nosas tradicións

Semella que, polo carreiro que imos, calquera acción discrepante ou calquera mobilización social ou política pode chegar a ser considerada terrorista ou conivente co terrorismo. Un concepto que se mantén, tan confuso coma difuso, para mellor facilitar a súa utilización arbitraria, co obxectivo inconfeso de converter ao discrepante en contrincante, a este en adversario e, ao cabo, ao adversario en inimigo radical, ante o que só cabe a súa destrución física, civil e cultural.

Teño para min que este proceso fratricida aniña, probablemente, en todas as culturas e civilizacións, pero paréceme seguro que, na nosa tradición, chamada cristián occidental, xogou un papel moi determinante, sobrevive e está moi presente.

A pesar da súa concepción da divindade, “Deus é amor”, o cristianismo, seguramente moi condicionado polas súas raigañas rabínicas, entre outras causas, non foi quen de erradicar esa práctica de deshumanización do adversario, utilizada para asumir e xustificar a súa destrución violenta. Non só isto, senón que avanzou cualitativamente no proceso de descualificación máis radical do inimigo.

Efectivamente, desde o momento en que o cristiáns principian a asentarse na sociedade greco-latina, tocan poder e, en consecuencia, empezan a recibir o “cento por un nesta vida” ademais de “herdar a vida eterna”, perciben como adversarios os credos politeístas, social e politicamente establecidos, e arraigados na tradición, nos ritos e na cultura da época. Detectado o inimigo, asina comeza o proceso de devala e deshumanización do que da en chamarse o “mundo pagán”. Agustín de Hipona xa o tiña claro no seu libro coñecido como “A Cidade de Deus” e realmente titulado “A Cidade de Deus

contra os pagáns”, onde sinalaba a estes coma “mestres da depravación que se deleitan na obscenidade”. O proceso de deshumanización culmina, moi pronto na radical satanismo do politeísmo, que tanto axudaría á violenta destrución do mundo clásico.

A vida de Antonio Abade, primeiro anacoreta que se retira ao deserto e pai da vida monástica, narrada e mitificada polo Bispo Anastasio, narra a loita desgarrada e brutal de Antonio contra as tentacións e mesmo as agresións do Diaño, que trata de pervertelo e destruílo. Este libro, de gran éxito durante séculos, está na base dunha personificación e case divinización de Satanás e da súa maligna corte de diaños, xeradores do mal, e dá orixe ao desenvolvemento doutrinal dunha “demonoloxía”, que viría a ser unha sorte de “teoloxía do Demo”. Este marco doutrinal facilitou a concepción da conversión do imperio como “unha auténtica guerra entre o ben e o mal...unha batalla entre Deus e o mesmo Satanás”. E así foi doado deshumanizar ao inimigo pagán ata satanizalo e converter a súa destrución violenta nun acto moral bendicido por Deus.

Máis tarde foron os herexes, bruxas, heterodoxos, laicistas, materialistas, agnósticos, ateos e discrepantes ideolóxicos ou políticos de todo tipo, as vítimas da deshumanización e satanización que xustificaba e fai tragable a súa morte física ou civil.

Hoxe, a satanización do adversario ven ser a súa cualificación de terrorista ou de cómplice do terrorismo. Así, un xenocidio pode presentarse e ser visto como unha “simple” guerra, cos seus “inevitables” danos colaterais, véxase Gaza, e, pola contra, unha simple liorta ou manifestación, a pouco que se endureza, pode presentarse e incluso chegar xulgarse coma un acto terrorista.

Diante do balbordo pseudopolítico e mediático que estamos a sufrir, compre ter a lucidez en discernir e o empeño en separar a palla do trigo. Porque na nosa cultura, nas nosas conviccións e nas nosas tradicións hai trigo, pero tamén moita palla. Palla que a reacción sabe moi ben aproveitar para prender lume.

**É doado
deshumanizar
ao inimigo
pagán**



Ilustración de Xoán Andrade sobre Gaza e que leva por título Infamia 2023

...pero a vaquiña polo que vale

Tino Santiago

IRMIÁ

Galicia e as eleccións europeas

“Que é, pois, o tempo? Se ninguén mo pregunta seiño, pero se trato de explicárllelo a quen mo pregunta non o sei”, Agustín de Hipona /Confesións vol XI.

Hai un concepto no campo da análise política diante do que nos sentimos como San Agustín: que é a **Axenda Galega**?, cal son as nosas prioridades nacionais?. De primeiras, parece que podería haber un consenso xeneralizado en dicir que *galego* sería manter unha lingua e cultura vizosas; pode que tamén mellorar as pensións, os salarios ou mesmo rachar coa estrutura radial do tren en España. As dúbidas empezan a aparecer cando falamos de violencia de xénero, sobre a continuidade do goberno de coalición de **Pedro Sánchez** ou, non digamos, sobre case todo o referido a **UE**.

Tradicionalmente o nacionalismo, con excepcións como **Camilo Nogueira**, e a esquerda máis radical en xeral, ven a UE como pouco máis que unha fonte de políticas neoliberais. A presenza no **europarlamento** só sería un exercicio de resistencia. Un xeito de conseguir un altofalante das reivindicacións galegas ou unha fonte de financiamento. As propostas positivas non pasan de lemas como a **Europa dos pobos fronte a dos Estados** (sic)

O **PPdeG** mantivo tradicionalmente posicións máis positivas. Mesmo, nos tempos de **Manuel Fraga**, Europa, foi un eixo importante das súa estratexia. Daquela moito se ten falado do **Comité das Rexións** ou mesmo creárase a **Fundación Galicia Europa**. A UE estaba máis ou menos presente na estratexia dos populares, outra cousa é a eficacia das políticas desenvolvidas que foron máis que cuestionables. Este esforzo foise debilitando no tempo. No **PP** actual cada vez máis centralista, e mesmo cos aliñamentos coa ultrade-

reita antieuropea, hai grandes dúbidas sobre que pode pintar Galicia en todo isto para eles.

Un dos paradoxos da acción internacional é que precisa dunha estratexia nacional. Saber quen es e que se pretende é imprescindible para asomarse

ao exterior. As grandes eivas do **PSdeG** para formular unha alternativa galega dificultaron a súa proposta de que facer con e na UE. Apenas prolongaron os posicionamentos do **PSOE** para o que desde **Felipe González** ata **Pedro Sánchez** Europa é unha cuestión central.

Con este panorama afrontaremos as eleccións europeas de xuño. Unhas eleccións fundamentais para o futuro da UE como a coñecemos. A nova **Comisión** e o novo Parlamento deberán enfrontarse á un **Putin** cada vez máis agresivo, ao posible ascenso de **Trump** e a elementos antiliberais como **Marine Le Pen**, **Meloni**, **Abascal**, etc ..

Entrarán estas cuestións na axenda galega? Debateremos sobre elas e trataremos de influír? Miraremos o mundo desde aquí para ser **Nós no mundo** ou seguirán sendo cousas dos outros?



Cen mozos e mozas de 5 países fan o Camiño de Santiago para promover as eleccións europeas. Foto Parlamento Europeo

**A presenza no
europarlamento só
sería un exercicio
de resistencia.**

O peto do Santo Antón

Manuel Regal Ledo



CON XESÚS E CON NAVALNY,
 “BENAVENTURADAS AS PERSOAS
 FAMENTAS E SEDENTAS DE XUSTIZA...” (Mt. 5,6).

Comparto, con quen isto lea, un anaco da conversa que hai poucos días tivemos o Santo Antón e mais un servidoro ao redor dese personaxe, Navalny, que hai poucos días morreu misteriosamente de morte matada, que non morrida, na prisión da Siberia onde sufría longa condena por disentir de Putin.

Santo Antón: Sabes, Regal, onte tivemos festa no seo de Deus. Festa especial.

Regal: E logo?

S.A.: Pois que se incorporou á nosa comunidade un novo santo mártir. Moi especial tamén. A que non adiviñas quen é?

Regal: Eu que sei, está habendo moita xente que morre con morte de martirio, sobre todo por países de África, de Asia.

S.A.: Non, pero este é de moito máis acá, europeo, coma quen di.

Regal: Pois non caio.

S.A.: O Navalny, ho, o Navalny, Alexsói Navalny!

Regal: Pero ese non era un político oposto a Putin, que xa o quixeran envelenar hai tempo, e que despois decidiu volver a Rusia, aínda que ben sabía que o habían prender, xulgar e condenar?

S.A.: Pois si, e que me queres dicir con iso? Que non pode haber políticos mártires por exerceren a política como Deus manda, como a xustiza manda?

Regal: Poder pode, pero cóntanse cos dedos dunha man.

S.A.: E ti sabes a razón pola que el quixo volver a Rusia, tendo por moi sabido o que lle había pasar?

Regal: Pois non, non; si que me estrañou aquela decisión, pero as razóns...?

S.A.: Foi algo que non se soubo moito aí na terra, porque cousas que teñan que ver coa fe relixiosa parece que non contan, e non houbo medio de comunicación ningún que simplemente dixera o que el dixo cando foi xulgado en Rusia.

Regal: E que dixo, logo?

S.A.: Pois para explicar porque estaba facendo o que facía dixo cousas tan simples e preciosas como que “o feito é que son cristián (...), eu tamén fun un ateo militante. Pero agora son crente e iso axúdame moito a elixir as miñas accións (...). Perante o xuíz incluso falou da pasaxe evanxélica que o guiaba neses momentos de represión e de estar a piques de ser asasinado: “Felices as persoas famentas e sedentas de xustiza, porque quedarán fartas” (Mt. 5,6). “Sempre pensei que esa benaventuranza en particular é, máis ou menos, o que guiou a miña acción. Non me arrepiño de regresar nin do que estou facendo. Está ben, fixen o correcto.”

Regal: Pois déixasme aleuto, coa boca aberta! E el non se parecería ao que fixo o mesmo Xesús cando decide baixar a Xerusalén para celebrar a Pascua, sabendo o que alí lle agardaba?

S.A.: Tal cal. Navalny aprendeuno de Xesús. Así que facede unha boa festa pascual tamén aí na terra, e ollo!, hai que ir admirando, agradecendo, aprendendo e publicando persoas coma estas.


(Nota: a primeira vez que soubemos na terra destas cousas, foi por unha revista *VIDA NUEVA*, núm. 3.354, 7, da man do sociólogo Fernando Vidal, galego, por certo. Grazas de corazón).

O CARRABOXO por KOBÉ LOIS

PAI, TI VICHES ALGUNHA VEZ NA TUA VIDA QUE SE
 REGISTRASEN AS GALINAS? SI, A TUA AVOA METI ALLES
 O DEDO NO CU PARA VER SE TIÑAN OVO!



EU PENSO QUE AQUI TIÑAN QUE DIMITIR
 A MULLER DO SÁNCHEZ E O NOIVO DA AYUSO!



O peto común

Josecho de la Torre Culler

Sobre a lectura.



IRIMIA

Agora que se achega o 23 de abril, Día do Libro, afondamos nos datos máis recentes sobre a lectura. A realidade no Estado, segundo o Barómetro de Compra de Libros e Hábitos de Lectura 2023, di que un 95,5 % das persoas enquisadas len pero delas só un 68,3 % len libros. Ademais, un 26,7 % len revistas, un 71,2 % periódicos, un 10,8 % cómics, un 64,3 % webs, blogs ou foros e un 59,7 % len redes sociais. Dentro dos que len libros, un 64,1 % faino no tempo libre e un 21,3 % faino por traballo ou estudos. O perfil do/da lector/a amosa que as mulleres len máis cos homes, a rapazada de 14 a 24 anos le máis có resto de idades e os que teñen estudos universitarios tamén len máis que os que teñen estudos inferiores. As librerías seguen sendo o lugar onde se mercan máis libros (45 %), seguido de internet (26 %). Un 29,7% len os libros en soporte dixital.

Produce ledicia saber que a lectura infantil se mantén en datos moi elevados: a un 76,3 % de nenas e nenos menores de 6 anos lenlles libros, cunha media semanal de 2 horas e 39 minutos. Na franxa de 6 a 9 anos, un 86,0 % len libros que non sexan de texto, o que fai unha media de 3 horas e 05 minutos á semana. O dato manifesta a importancia da curiosidade na cativada á vez que nos interroga sobre o descenso nas seguintes idades.

En Galicia os que len no tempo libre representan un 61,5 %, dato que está por debaixo da media do Estado. Esta cifra é maior que en 2012 cando era do 59,1 %. O dato máis preocupante é que só un 3,1 % das persoas que



len en Galicia, prefiren facelo en galego. Contrasta con outros lugares como Cataluña onde un 38,9 % das persoas prefiren ler en catalán.

Máis aló dos datos, o 23 de abril sempre é un bo día para agasallar ou para comezar un libro na nosa lingua aínda que haxa moito tempo que non o facermos. Feliz día!

Rumores de esperanza

Xan Guillén Vázquez

Non sei se estades ao tanto da iniciativa que naceu no IES Rafael Dieste da Coruña a prol da lingua galega. Trátase da campaña “Aquí tamén se fala galego”. É unha campaña de fomento da lingua pero que tamén pretende rachar toda unha serie de prexuízos. Por exemplo, distribúense carteis por todos os establecementos comerciais da cidade para rachar a idea de que o galego non é válido en determinados contextos. Outro prexuízo para rachar é aquilo de que na Coruña non se fala galego. Ademais é unha iniciativa nos que a protagonista é a rapazada do IES que é a que se move para rachar coa idea de mocidade non comprometida nin falante.

Xa hai máis de 200 centros que se uniron á campaña. Ademais participan coñecidos coma Viggo Mortesen, James Rhodes, Tanxugueiras, Sés... Os principais equipos de fútbol galegos tamén está na campaña. A cousa vaise espallando amodiño pero ben. Ademais, como unha cousa leva a outra, hai unha lista interesante de cancións en galego para toda esa rapazada que pensa que non hai música actual en galego.

Pois si, aquí tamén se fala galego. Aquí hai gañas de falar do noso. Oxalá houbera gañas de espallala en ámbitos diferentes. Imaxino carteis destes nas parroquias e nos bispados, por exemplo. Todo é facelo.




Beatriz Cedrón

O vindeiro 20 de abril a **IRMANDADE MONCHO VALCARCE** entregará en Alvedro os Premios da súa convocatoria anual a Manuel Monge González (premio “Pola defensa da Terra”) e ao diario Nós (premio “Pola promoción da Terra”). Con eles quere homenaxear a persoas, colectivos ou entidades cunha traxectoria persoal ou colectiva contrastada que destacaran na defensa das persoas máis desfavorecidas, do noso idioma, da nosa cultura ou da nosa identidade. O xantar de celebración está aberto á participación de todas as persoas interesadas (irmandade@monchovalcarce.org ou no teléfono 660 346 182. Imaxe: <https://monchovalcarce.org/wp-content/uploads/2022/03/MONCHO.png>




ANDREA LÓPEZ CHAO naceu hai 150 en Mondoñedo. Foi mestra en Paradavella, Lindín, Couboeira e Viloalle antes de emigrar a Cuba en 1904 despois de opositar á praza de directora do Plantel Educativo do Centro Galego da Habana. Foi unha pioneira na loita polo dereito á educación e a saúde das mulleres. Participou na creación da sociedade “Hijas de Galicia”, que asistiu as galegas emigradas en risco de exclusión social. Na web <https://opoderdeeducar.es> compílase o traballo realizado sobre a súa figura. Imaxe: https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/thumb/c/c7/Eco_de_Galicia_189_Habana_1923_04_22.jpg/800px-Eco_de_Galicia_189_Habana_1923_04_22.jpg

ACAMPA é unha iniciativa cidadá que integran máis de 60 colectivos de persoas solidarias, institucións e empresas con responsabilidade social e que ten como obxectivo a defensa dos Dereitos humanos, o Dereito internacional humanitario e o Dereito a refuxio. A rede convoca o seu oitavo Encontro internacional, que terá lugar nos Xardíns de Méndez Núñez da Coruña do 7 ao 9 de xuño, quere achegar á cidadanía a realidade infancia e a mocidade refuxiadas. Imaxe: <https://pbs.twimg.com/media/GIYcTjMWMAABC5y?format=jpg&name=large>



ALTRI quere construír en Palas de Rei unha fábrica de 360 Ha en terreos lindeiros coa Rede Natura (10 veces máis cá factoría de Ence). Producirá 250.000 Tn de celulosa e 60.000 de lyocell ao ano e utilizará a diario a auga equivalente ao consumo de toda a provincia de Lugo, da que verterá 30 millóns de litros de augas residuais tratadas ao río Ulla. A cheminea, de 75 m de altura, botará gases contaminantes afectando unha zona de 400 km². Veciñanza e colectivos ecoloxistas xa están en pé de loita. Imaxe: [hvttps://cfivdg.avo.es/sc/nao_jbitFhDt49VaLNS6IFS50aU=/768x/2023/12/28/00121703785681979270471/Foto/V04Y3012.jpg](https://cfivdg.avo.es/sc/nao_jbitFhDt49VaLNS6IFS50aU=/768x/2023/12/28/00121703785681979270471/Foto/V04Y3012.jpg)





Entre o 4 e 6 de abril vaise celebrar na Serranía de Ronda o **I CONGRESO INTERNACIONAL DE EDUCACIÓN RURAL SÉCULO XXI**. O congreso xirará en torno a 4 áreas temáticas: o necesario cambio nas políticas públicas para a repoboación rural; a educación rural dende a organización e a planificación do sistema educativo; deseños curriculares e formación do profesorado dende unha óptica rural e a educación non formal no medio rural. Máis información e inscricións en: <https://educacionrural.coceder.org/>
 Imaxe: https://educacionrural.coceder.org/images/WEB_EducacionRural/logo/logo-letra-negro-unscreen.gif

A FUNDACIÓN LEGAR dedica o seu labor a difundir e promover a preservación, conservación, mellora, protección, vixilancia e desenvolvemento da música de raíz. Conta con dúas sedes (na Seara, en Quiroga e outra en Pontevedra) e unha programación diversa que inclúe entre outros proxectos o de “Mulleres Raíz”. Nesta proposta didáctica, a fundación rende homenaxe ás mulleres que foron mestras nos seus propios oficios, especialmente nos artísticos.
 Imaxe: https://www.fundacionlegar.org/images/headers/Logo_legar_Gris.png#joomlaImage://local-images/headers/Logo_legar_Gris.png?width=194&height=51



AQUÍ TAMÉN SE FALA é unha proposta nacida no IES Rafael Dieste da Coruña na que a día de hoxe xa participaron 200 centros de ensino medio de todo o país, con máis de 25.000 mozas e mozos implicadas. É unha acción de resposta fronte aos estereotipos sobre a lingua entre a mocidade ou sobre a súa utilización no sector empresarial. Comercios e establecementos locen o cartaz da iniciativa, que nace do compromiso da mocidade en converterse en activistas do uso do galego na súa propia contorna.
 Imaxe: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iescoruxo/system/files/Cartaz.jpg>



Coincidindo co seu parente francés, a XXI edición do **FESTIVAL DE CANS** terá lugar do 21 ao 25 de maio na parroquia porriñesa. A Asociación cultural Arela é a organizadora deste festival de curtametraxes de produción galega, onde tamén se estrean filmes e documentais, a música ten moita presenza e realízanse actividades moi diversas. E todo dende o “Agroglamour”, o concepto esencial que para sobre o evento: chimpíns, adegas, pendellos, baixos e galpóns como base dun festival único.
 Imaxe: https://www.festivaldecans.gal/wp-content/themes/quadrallia_cans/img/logo.png



Rosa M. Rodríguez



Toño de Lodoselo, militante do medio rural



“Vivimos en simbiose coa contorna, nun medio no que todo nos fala”

Antonio Rodríguez Corbal,
Toño de Lodoselo. Foto cedida

Antonio Rodríguez Corbal, máis coñecido como o Toño de Lodoselo, é a alma do Centro de Desenvolvemento Rural (CDR) O Viso. Un centro situado na comarca da Limia no que se traballa polas persoas do rural a través de accións globais de carácter social, educativas, económicas, de formación e de emprego. A súa actividade é realmente impresionante: dende a vivenda comunitaria, o centro de día, o comedor comunitario, o xantar na casa, repartimento de comida, aldea-escola... Nesta entrevista queremos coñecer a filosofía de vida e de traballo de Toño para tratar, a poder ser, de exportala a toda Galicia!

En primeiro lugar gustaríanos saber brevemente quen é o Toño de Lodoselo? Es máis mestre ou máis dinamizador local?

No perfil de whatsapp teño que “eu son nós”. Son unha persoa traballadora, esixente, un militante do medio rural que trato de facer posible o necesario. Agora xa xubilado como mestre de primaria dende hai uns anos, digo que son pastor, labrego, un reserva* e auxiliar para tarefas múltiples no CDR O Viso.

“Facer da veciñanza é un dos nosos sinais de identidade”

En que momento vital decides regresar á túa terra natal de Lodoselo?

Estando en Pinto (Madrid) lin un escrito de Manolo Regal en *Encrucillada* sobre o Preescolar na casa. E aquilo engaioloume. Logrei contactar con el e puiden pasar uns días daquela Semana Santa en Romariz (Abadín). Alí coñecín a xente que naquel momento conformaba a mesa de redacción de

Irimia. Marta e Xosé Lois animáronme a ir onde D. Antonio Gandoy, o cura da bicicleta, levoume o Manolo Regal, e... en setembro de 1985 comecei a traballar no programa contratado por Cáritas. Eu estaba disposto a ir a calquera lugar do país e fíxome ver que o mellor sitio era a miña aldea. Volvín á casa cos meus pais.

No 1990 dás o salto ao CDR O Viso. Máis de 40 anos despois se botas a vista atrás, que logros conseguiches, cal foi a túa gran decepción e que che queda por facer?

O gran salto foi que ese ano aprobei as oposicións!!! Eu nunca tiven relación laboral co CDR. No 1985 constituímonos como Asociación Cultural (O Cruceiro) intentando revitalizar a vida comunitaria nestas aldeas (magosto, entroido... e dobre escola: Barbiana. Milani). E no 1990 demos de alta o CDR O Viso. Máis que logros conseguidos diría que un dos máis importantes é, foi e segue sendo, o de gozar aprendendo, facendo. Nesta liña, a atención sostida, as boas compañías coas que a vida me ten agasallado... O decepcionante é querer e non poder; as inxustizas, as relacións tóxicas, a xente perversa. Quédame por facer... tanto como a vida, a saúde nos permita;

gozar se a situación é boa; se é mala, transformala e se non pode ser transformada... transformarme eu. Estou na utopía irrenunciable.

Os CDR impulsan o desenvolvemento económico e social nas zonas rurais. Non sería este labor da Administración?

En Preescolar na casa dicíamos que os nenos de hoxe non esperan polas solucións de mañá. O máis doado é queixarse. Nas aldeas, polo menos nalgunas e na época que nos tocou vivir, aquí, a administración case non chegaba. Se quixemos ter a auga nas casas, os camiños arranxados... fixémoslo nós. Aprendemos que o impulso, a motivación para mellorar as nosas vidas non a iamos delegar. Sería estupendo que o fixera a Administración, si, claro e se chega pronto ese día, xenial!

En que medida pensas que é transferible os proxectos do CDR O Viso noutros lugares de Galicia?

O de transferir non me gusta moito. Relaciónoo con colonizar na súa peor acepción... Xa escoitei: “hai que Lodoselizar Galicia!”. Non, por favor. Cada lugar, cada circunstancia, é a que é e as persoas que están nese determinado momento tratarán de facer posible o que lles parece necesario. E claro, temos a sorte de poder ler, coñecer, visitar outras experiencias que nos van servir de referencia. Pero cada proxecto é único e case tan vulnerable como as persoas que o conformamos. Paso a paso, pisando a terra, con humildade, sabendo que hoxe estamos e mañá... quen sabe. Sabemos que os proxectos tamén morren; a outros mátanos. E moitas veces, a maioría, desde dentro.

Cres que proxectos como o do CDR O Viso revitalizan e dignifican a vida das xentes nas aldeas?

Si e non. Depende de cada momento, de cada persoa, de como fagamos o que facemos... Da actitude de servir, acompañar. O empeño é ese. Pero non sempre o conseguimos. Ademais teño a sensación de que o fiel da balanza entre os dereitos e os deberes está



desequilibrado e uns non son posibles sen os outros.

Como se está abordando o despoboamento nas zonas rurais de Galicia e que medidas consideras máis efectivas para revertir esta tendencia?

Os nosos pobos xa se poden considerar case despoboados e a nosa especie en perigo de extinción. A nosa contribución vai na procura de crear novas ruralidades e sempre promovendo

“Hai que crear novas ruralidades promovendo alianzas entre o rural e o urbano”

do unha alianza entre o medio rural e o urbano.

Moitas veces acúsanse os gobernos de facer políticas para o rural dende as cidades. Pode estar aí o problema?

Non o sei. As cidades xa valoran, máis do que o fixeron, o medio rural e no medio rural tamén debemos ser conscientes de que o noso futuro (e o deles tamén) pasa por apoiarnos mutuamente. O contrario é seguirmos

a estar na onda dos “parvos polarizados” pero parece que alimentar isto a alguén lle vai moi ben.

Tamén temos o caso de xente que vai vivir para o rural pero coa mentalidade da cidade.

Haberá de todo... pero cabemos todas e todos. O desexable será construírmos comunidade, facer da veciñanza —como sempre foi— un dos nosos sinais de identidade. En calquera caso, aprendermos a vivir en harmonía con nós mesmos, cos demais e co medio. Para min a clave é a autonomía vinculada; fronte ao “podo vivir sen ti” (abonda con perseguir a felicidade “bebendo” un refresco!)... estamos, polo menos algunha xente, moita... en que “a vida gústame máis contigo”.

Como lle explicamos á xente de fóra que non hai que atender só a persoa senón tamén as súas terras para que se sintan queridos?

É o concepto mesmo de casa (con todas as pertenzas) que levamos tan dentro a xente do rural. A nosa paisaxe está moi humanizada, vivimos en simbiose coa contorna, nun medio no que todo nos fala. Se alguén nos quere coirdar é ben sinxelo: que nos pregunten que son para nós os coidados, como nos sentimos ben coidados. Outra cou-

Ferrados de corazón

Toño de Lodoselo, militante do medio rural



sa é que nos coiden como a eles lles parece, pero claro iso é outra cousa.

No rural non hai nenos porque non hai escolas ou é ao revés?

Na plataforma rural dicíamos iso: Hai poucos nenos, péchanse as escolas; e se abrimos as escolas para que haxa nenos e nenas? Pero por aquí aínda foi peor: estivo de moda promover o peche dos CEIP. para convertelos en residencias para a xente maior e convertéronse moitas escolas en tanatorios!

“o decepcionante é querer e non poder; as inxustizas, as relacións tóxicas...”

Pero tamén temos experiencias de éxito: casas niño, puntos de atención á infancia, algúns CEIP que reciben nenas e nenos doutros lugares porque se ofrece calidade educativa.

Como se poden involucrar os mozos e as mozas na vida rural e que oportunidades lles hai que ofrecer para que poidan desenvolverse profesionalmente nas súas comunidades?

Terán que reocupar o poder que temos os cidadáns; mesmo rescatar a política do secuestro na que a teñen

os que viven dela. E ben seguro que alentados polo seu empeño vital, dunha idade que todo é forza e ilusión van atopar moitos cómplices que os acompañaremos. Coñecemos e admiramos a xente moza transitando este camiño.

E os maiores? Por exemplo, como é facerse maior na Limia?

En todos os sitios o tempo modélanos; imos axustando o noso ritmo, as nosas condutas aos límites e posibilidades que nos vai marcando o noso corpo e a nosa contorna. “Eu son eu e a miña circunstancia e se non a salvo a ela non me salvo eu” é a frase enteira de Ortega e Gasset da que ordinariamente se elimina esta segunda parte. Queremos coidar as circunstancias porque iso é coidarnos.

Para rematar, cal é a túa visión para o futuro do rural galego?

Ser un referente, reconstruír unha identidade sen medo a manifestar a nosa ética do traballo digno; en calquera actividade laboral pero no que se valorice a agricultura e a gandaría, os alimentos saudables que se producen grazas ao chan, as sementes, o sol, a auga, a xente labrega. Seres vivos que tomamos e damos.

Que mensaxe che gustaría transmitir aos habitantes do rural galego e a aqueles que están interesados no seu desenvolvemento?

Que o tempo, que é finito, é vida e a clave é vivilo plenamente.

Máis información www.cdoviso.org



FREMOSAS. Cantigas de amigo e de amor



Helena e Jose

En tres cancioneros trobadorescos, o cancionero de Ajuda o da Biblioteca Vaticana e o da Biblioteca Nacional, e en dous pergameos coñecidos como pergameo de Sharrer e pergameo Vindel, están recollidas preto de 1700 composicións poéticas da lírica galego-portuguesa dos séculos XII a XIV. Ao pé de 190 trobadores e xograres forman o nutrido grupo de autores que deron vida a todo este corpo poético. Estas cantigas están clasificadas en tres grandes xéneros, as de amor, as de amigo e as de escarnio e maldicir. Non tivemos a sorte de coñecer a música que as acompañaba porque se perdeu. Aínda así chegaronnos uns valiosos restos. Sabemos da música orixinal de once delas. Seis das que é autor Martín Codax e sete atribuídas á autoría do rei portugués Don Dinís.

Mais agora vén de aparecer unha publicación enchida dun poderoso alento poético e musical. Unha fermosa iniciativa do dúo Barahúnda. Trátase de Helena de Alfonso e José Lara Gruñeiro. Ambos os dous madrileños

e ambos os dous galegos de adopción. Conta Helena que no inverno de 1987, e tras escoitar a un grupo francés interpretar algunhas cantigas, quedou completamente enfeitizada. Foi o comezo dunha longa travesía polos *reels* irlandeses, os romances casteláns, a canción sefardí, a música galega e a do leste europeo. Unha enfermidade dexenerativa fixo que Helena perdera a visión mais non a paixón e o acerto interpretativo. Unha voz que envolve e engaiola. E canda Helena veuse xuntar José, un namorado da guitarra con formación jazzística e adestrada experiencia nas bandas de rock. En setembro do 1998 montan o seu propio proxecto baseado na música tradicional ibérica e na das tres culturas e a partir de aí retoman tamén un arelado soño: darlle vida musical ás cantigas. Dende aquela foron aparecendo nalgúns dos seus traballos mais agora fano dun xeito máis explícito coa edición dun

“Agora que vivo en Galicia e a súa lingua é tamén a miña”

orixinal e fermosísimo libro: **FREMOSAS. Cantigas de amigo e de amor.**

Editado por Toxosoutos reúne doce cantigas. Ofrécenos o texto orixinal acompañado dunhas breves notas sobre a composición musical elaborada por Barahúnda, a correspondente partitura, uns apuntes históricos do autor da cantiga e un código QR, que unha vez escaneado, nos transporta á deliciosa experiencia de poder escoitar a composición musical ao tempo que facemos lectura do texto poético. Unha marabillosa idea.


O libro presenta unha edición bilingüe en galego e castelán de todos

os textos. Pretende con iso chegar ao público máis extenso posible e a todos aqueles que desde unha xeografía española moi diversa seguen os pasos artísticos de Barahúnda.

Un privilexio ter a esta xente entre nós. En palabras de Helena: **“Agora que vivo en Galicia e a súa lingua é tamén a miña, ao interpretar estas cancións mergúllome, máis aínda se cabe, na poesía destes belísimos textos. A poesía: a máxima expresión dos sentimentos que esconde a alma humana. Xunto coa música... Cantando síntome libre, como cando me mergullo nas calmas e frescas ondas do mar de Rianxo”.**

Discografía de Barahúnda:

- *Al sol de las hierba* (Sonifolk, 2002)
- *Una hora en la ventana* (Musikarte, 2006)
- *Múdanse os ventos* (Autoeditado, 2015)
- *Onde vai o mar* (Autoeditado, 2018)



Victorino Pérez. Teólogo

Xulio Montero e os curas obreiros: encarnação conseqüente

HOMENAXE A
XULIO MONTERO ÁLVAREZ
CURA OBREIRO SINDICALISTA

SÁBADO 18 DE NOVEMBRO ★ EIRA DA XOANA
<http://eiradaxoana.gal>

14:30h
xantar de convivio

16:30h
descubrimento da
placa conmemorativa

17:00h
intervencións sobre o homenaxeado
e clausura do acto.

Organizan:
PRESENCIA DA
EIRA

O pasado 14 de novembro, Xulio Montero e os curas obreiros galegos receberam uma merecida homenagem na Eira da Xoana. Quando se fez o cartaz de difusión do ato, punha “crego obreiro”, mas eu pedi-lhes aos amigos da Eira que o cambiaram por cura, e assim o fizeram.

Eu disse daquela umas palabras –a petición do mesmo Xulio, que me pedira falar da espiritualidade dos curas obreiros- e empecei comentando isto. Sempre preferi *cura* a *sacerdote*, pois os cristiãos só temos un sacerdote: Jesus Cristo. *Cura* tem que ver com

uma relación com as persoas e com a comunidade como “curador”, sanador dos males do corpo e do espírito nas persoas e na sociedade. O *crego*, pelo contrário, é o “clérigo”, pessoa do estamento clerical, uma casta separada do povo, “a cregaxe”. Hoje alguns pensam que não faz falha na Igreja o ministério ordenado, que é uma rêmora para o porvir da Igreja e cumpre “acabar com os curas”, mesmo que sejam homens ou mulheres. Eu, e bastantes coma mim, pensamos que não. Certamente, cumpre acabar com o *clericalismo*: a casta de cregos funcionários, presuntamente assexuados e mais bem reprimidos, autoritários,

abusadores, que formam un estamento patriarcal... Mas cumprem curas, homens e mulheres, crentes, servidores gratuitos, curadores, irmãos e irmãs entre os irmãos e irmãs. Pedro Casaldáliga quadrava completamente comigo: “Hoje pede-se com urgência a desclericalización; mas isto não significa que se negue o ministério sacerdotal, pede-se outro modo de ministério sacerdotal... solidário com todas as grandes causas da humanidade, a partir dos pobres e os marginados... Os curas obreiros foram o primeiro grande intento de desclericalización do clero, entendido o clericalismo como distância e privilégio, na Igreja e na sociedade”. Fazia-o precisamente no epílogo dum livro que tinha que ver com a homenagem de que estou a falar: *Los curas obreros en España* (2004), da autoria do grande amigo meu Julio Pinillos. Falava-se há uns anos de que a identidade do cura tinha que estar marcada por três vectores: vigia, guia e mediador. *Vigia*, não para controlar autoritariamente, mas como profeta para “dizer uma palavra de ânimo ao abatido”. *Guia* ou pastor que reconheça os valores de cada pessoa e da comunidade, promovendo a liberdade na fidelida-

estar fundamente
metido na carne e na
terra das pessoas às
quais devem servir;
sem isso, o seu
ministério não tem
sentido



de. E *mediador* ou acompanhante no caminho com os débeis e os excluídos. Quem diz que as comunidades e a sociedade não precisam de profetas, pastores ou mediadores, ademais de não ter em conta os mais débeis, cuidado que é um iluso auto-suficiente. A animosa presença na Eira de Xoana dos/as antigos companheiros/as de Xulio no trabalho na fábrica, manifestando o seu agradecimento pelo que viveram com ele no labor e nas lutas de cada dia, estava a corroborar isto que estou a dizer.

Porque esse jeito de ser cura respondia à aposta dos curas obreiros na última metade do século passado, que eu resumia nas duas palavras com que titulava estas páginas: “encarnação conseqüente”. A *encarnação* é hoje, como daquela, o grande paradigma pastoral: estar fundamente metido na carne e na terra das pessoas às quais devem servir; sem isso, o seu ministério não tem sentido. Uma *encarnação conseqüente* significa viver como vive esse povo, ser solidário nas suas lutas, sem esquecer a fé religiosa e a oração: anunciar de maneira conseqüente o Jesus libertador.

Assim o tenham manifestado eles nos seus encontros durante anos, como se pode ler nos documentos recolhidos no livro de Julio Pinillos. O seu ponto

de partida foi o berro dos anos 40-50: “A Igreja perdeu à classe obreira”. Num dos seus manifestos pelos anos 70 diziam: “Somos obreiros do Reino no mundo obreiro. A nossa fé em Jesus Cristo impulsa-nos a querer vivê-la em toda a sua radicalidade”. Nicolás Castellanos prologava o livro de J. Pinillos

Alberto Iniesta
 dizia: “A pergunta
 não é se fazer
 ou não pastoral
 obreira, mas
 se fazer ou não
 pastoral burguesa”

com estas palavras: “Compre recuperar a memória martirial e a riqueza humana, espiritual, apostólica, humanizada e evangelizadora dos curas obreiros”. E Alberto Iniesta dizia: “A pergunta não é se fazer ou não *pastoral obreira*, mas se fazer ou não *pastoral burguesa*”.

Isto foi o que se homenageou na Eira de Xoana, na pessoa de Xulio Montero. Xulio trabalhou mais de vinte anos em

Empresas Álvarez e foi um ativo líder sindical de Comisións Obreiras, estas fizeram-lhe logo um reconhecimento do seu labor; isto sumado ao trabalho na pastoral paroquial e ser o Delegado de Pastoral Obreira da diocese. Também se homenajeaba ao jesuíta Benito Santos, que não puido assistir, mas é um referente: trabalhou em ASCÓN e outras empresas, foi também líder sindical, primeiro na USO e logo na Confederación Sindical Galega, que acabaría fusionando-se com a Intersindical Nacional dos Trabalhadores Galegos (INTG). Com ele, outros curas de Vigo: o também jesuíta Fernando Bandeira, que trabalhou em empresas Alvarez, Xosé Anton Graña, que trabalhou junto a Anton Gómez en La Metalúrgica, e o seu companheiro paul Isidro López, com o apoio do bispo Delicado Baeza. Junto a eles, cumpre lembrar os curas de Ferrol António Aneiros, Anxo Currás e Xaquín Campo, que contaram com o apoio do bispo Araújo. Estas foram as cidades onde teve presença o movimento dos curas obreiros em Galiza. Xulio e Benito, que permanecerem até hoje na pastoral paroquial e das comunidades, seguem a dizer que esta experiência de cura obreiro não entrou em conflito com o seu trabalho pastoral, mas ao contrario, afiuzou-no.

Lucía Santiago Díaz, MCG Exeria

Saímos á rúa



Santiago

O pasado 3 de febreiro, domingo anterior ao 8M, a Revolta das Mulleres na Igrexa saímos ás rúas en 26 cidades de todo o Estado. O éxito da convocatoria fíxose eco en varios medios de comunicación, tanto de prensa escrita (*EuropaPress, Faro de Vigo, Salamanca AL DÍA, Diario de Burgos, Vida Nueva*), como de televisión e radio (RTVE, Telecinco, La Sexta, Canal Sur, Cadena Ser etc.) que recolleron a nova incluso facendo reportaxes do movemento.

A diversidade e a creatividade son sinais identificativos deste movemento. Cada revolta é singular e ten o seu potencial propio ao seu modo. Por iso, desta volta en Irimia en Lila queremos recoller algunhas testemuñas desas 26 cidades e experiencias.

En **Santiago de Compostela** a Revolta de Mulleres na Igrexa ten nome de muller: Engracia Vidal Estévez, profecía de fe e galeguidade, tecedora de redes. A ela foi dedicado este día. Choveunos e tivemos que resgardarnos nos soportais da Praza da Quintana... despois parou e percorremos a praza cantando.

En **Santander** a celebración en tivo lugar na parroquia de San Pío X, igual que en **Pamplona**, onde se puxo moi mal o tempo e tivemos que entrar dentro da igrexa dos Escolapios, onde

fixemos un xesto sinxelo no altar. En **Badaxoz** estivo presente o chanceler do bispado e varios sacerdotes.

Tanto en **Oviedo** como en **Vigo** respectounos a chuvia o suficiente para facer o acto público. Feministas católicas reclamamos igualdade fronte á catedral, na capital Asturiana, e fronte á parroquia do Cristo da Vitoria, na cidade olívica. Foi moi chulo e prestounos.

A diversidade e a creatividade son sinais identificativos

En **Vitoria** partimos da igrexa que vivimos hoxe, piramidal, cuns poucos varóns e ordenados na cúspide, e o resto da comunidade (distinto xénero, carismas, vocacións) abaixo, “pechadas” á participación plena, a construíndo unha Igrexa en corresponsabilidade... e dicimos basta! E lendo o manifesto fomos abrindo os paraugas pechados, e baixando os paraugas negros da cúspide para ir construíndo unha Igrexa circular cuxo centro sexa Xesús de Nazaret e a súa Boa Nova. Comunidade de iguais, corresponsable, diversa, cidadadora, inclusiva... Ata que a igualdade sexa costume na Igrexa!

En **Ciudadella de Menorca** tivemos concentración na praza da catedral onde demos comezo ao acto para despois camiñar cantando na manifestación ata o convento de Santa Clara. Lectura do manifesto, seguido do xesto do partir, repartir e compartir o pan para unha igrexa de iguais, unha igrexa circular, corresponsable, de todos e todas. Cantos e unha danza contemplativa como final. Contentas da participación e da resposta da xente que nos acompaña e anima a seguir adiante.

Como anécdota contarvos que en **Alacante** saíu unha rapaza dicirnos que estabamos a molestar. Como non lle fixemos caso foi buscar a un home que



Vigo

se puxo a dar voces (literal) intentando amedrentarnos. A policía interveu, e, con moita paciencia, conseguiron que calara.

Entramos na catedral de **Logroño** despois da concentración á Eucaristía ás 13.00 h cos nosos panos morados da “Revolta. A presidenta dunha confraría non nos deixaba entrar e saíu o párroco para amoestala e darnos vía libre para poder entrar.

Madrid. Nosoutras, coas mulleres vítimas de abusos, fixemos sangrar as obras de Rupnik... manchando as más con pintura vermella ensinándollas á xente. Despois as mulleres vítimas con axuda doutras foron pouco a pouco quitando a capa negra, como símbolo de sandar o seu sufrimento... e todo estalou en alegría con globos morados. O noso lema foi “Memoria e esperanza”.

Granada. Impresionante. Estivemos sobre 150 mulleres. Quedamos moi contentas pola gran “movida”, isto xa non o para ninguén. Xenial, que forza grande poder dicir que xa somos 26 cidades e seremos aínda máis!

Como puidestes ler, a acollida na sociedade foi boa en liñas xerais, e, respecto á “xerarquía eclesiástica”, houbo ambos os extremos. Dende revoltas que poden dicir “xogamos na casa, anque sempre con moito ollo”, e outras que por pouco as botan fóra. Nós queremos quedar con **retallos de comentarios recuperados das redes:**

Dou grazas á Ruah que está suscitando este imparable movemento de igualdade e xustiza das mulleres na súa Igrexa. Como di hoxe Xoán “e facendo un feixe de cordas, botounos do templo”, botou a mentalidade e as praxes do patriarcado; nosoutras somos parte desa corda violeta. Graciñas por alongar a vosa/nosa presenza nas rúas! Grazas por todo o entusiasmo e ilusión que temos entre todas no noso camiñar! Que alegría ver tanta forza e tanta creatividade reivindicativa! Abrazos sororais.



Alicante



Badajoz



Menorca



Pamplona



Málaga



Santander



Vitoria-Gasteiz



Bilbao



Barcelona



Ciudad Real



Burgos



Donostia



Elxe



Granada

ESPAZO DE ENCONTRO DE CRENTE GALEG@S

Intentando dar continuidade ao traballado en decembro ("As cousas que dan sentido ás nosas vidas"), Crentes Galeg@s convoca un novo encontro para o sábado 6 de abril co tema "A causa das persoas empobrecidas" coa presenza de Miguel Fernández Blanco do Foro Galego de Inmigración.

DATA: sábado 6 de abril.

LUGAR: Antigo Colexio Ramón Cabanillas (no Castiñeiriño, en Santiago, enfrente ao CSC Agustín Bueno)

HORARIO:

10:30-11:00: Acollida e presentación do día.

11:00-11:45: "A causa das persoas empobrecidas" (Miguel Fernández Blanco do Foro Galego de Inmigración)

11:45-12:30: Debate/Coloquio

12:30-13:00: Descanso

13:00-13:30: Conclusións e manifesto

13:30-14:00: Oración/Celebración

14:00: Xantar compartido e sobremesa

Coma sempre, é un espazo aberto para toda aquela persoa ou colectivo que queira participar. Animádevos!



© Foto: adiante.gal

'As desigualdades: desafíos e propostas'

A asociación Redes Cristianas organiza, do 17 ao 19 de maio, en Madrid unha xornada baixo o lema "As desigualdades: desafíos e propostas".

Redes Cristianas aborda este encontro desde unha espiritualidade liberadora que abarca as principais dimensións (económicas, laborais, políticas, étnicas, culturais, relixiosas, éticas, sexuais, ecolóxicas etc.)/ etc.) que discriminan e humillan ao ser humano; e desde unhas actitudes que militan xustamente por todo o contrario, é dicir, a igualdade e a xustiza, bases da dignidade humana.

Toda a información sobre o programa e as inscricións está na web de Redes Cristianas (www.redescristianas.net).



Documental 'La Singla' no Auditorio de Vigo

O próximo 4 de abril, o grupo local de socias e socias de Galiza Sur en colaboración con Fiare Banca Etica, proxectará o documental de 'La Singla' no Auditorio Municipal de Vigo (Praza do rei, 1, Vigo) ás 19:00h. La Singla é un documental dirixido por Paloma Zapata e producido por "La Fabrica Naranja"; organización que recibiu financiación de Fiare Banca Etica.

Inscrición: <https://forms.gle/CBnyhrfutSC64FYV9>



Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981

Coordinación da edición: Rosa María Rodríguez García.

Consello de redacción: Daniel López Muñoz, Luis Gómez Aldegunde, Lidia Campos Chan, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez, Lucía Santiago Díaz, Marta Sopena Font, Rubén Aramburu Molet, Tino Santiago, Baldomero Iglesias Dobarro (Mero), Xan Guillén Vázquez, Teresa Souto Loira, Christina Moreira, María Pereiro, Xabier Blanco, Clara Baliñas, Marisa Vidal, Xosé Lois Vilár, Lois Ferradás, Olga Álvarez, Beatriz Cedrón Vilar.

Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Tareixa Ledo Regal, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto Varela, Carlos Vázquez, Jessica Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Gumersindo Campaña Ferro, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana Bordas, Antón Laxe, Josecho Barca López, Felipe Arias Vilas, Elvira Santos, Beatriz Mosquera, Madó Domínguez, Anuncio Maroño, Clara Raposo, Beatriz García Turnes, Belén Caballo, Manuel García Turnes.

Recepción de artigos e colaboracións en: asoc.irimia@gmail.com

Subscricións:

Tel.: 615 464 095 / irimia@irimia.gal

Ordinaria: 35 Euros, de Apoio: 50 Euros. Cota de socio: 10 Euros.

Para asuntos da asociación non relacionados coa revista:

irimia@irimia.gal

Conta: Fiare Banca Etica

ES10 1550 0001 2500 0078 9628

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 450 exemplares

Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)

ISSN: 2172-9182

Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica: <http://irimia.gal>

Feito en papel reciclado



IRIMIA

TEMOS XENTE E TERRA ÁS QUE COIDAR

Actividade subvencionada pola



Deputación DA CORUÑA

Vida, Amor, Deus Experiencia da Pascua para a muller e o home de hoxe en día

“A idea de base é que o cosmos, co ser humano como o seu punto culminante provisional, é a auto-manifestación progresiva e cada vez máis rica dunha Realidade Espiritual Orixinaria, que é vida e comunica vida, trae todo á existencia e susténtao todo. A tradición xudeocristiá refrease a esta realidade orixinaria coas palabras Iavé e Deus. Os conceptos máis axeitados con que se pode falar desta realidade parecen ser os de vida e amor. Así nos atopamos coa tradición crente condensada na fórmula da primeira carta de Xoán: “Deus é amor”. Ao pronunciar esta confesión de fe, a comunidade crente confíase totalmente na experiencia de Deus que tiña Xesús. Na súa interioridade máis profunda vivía el a Deus como un amor sen condicións. De aí a súa forma espontánea de orar a Deus co tratamento de ‘abba’: pai querido.

Canto máis un se deixa guiar polo amor desinteresado, tanto máis se volve un só ser con Deus que é amor e vida. O crente reconece en Xesús a unha persoa que se dedicou enteiraamente ao seu próximo baixo a urxencia do amor. El selou coa súa morte esta actitude de vida e con iso chegou a unirse plenamente co misterio orixinal que é Deus. Esta é a versión que ten o crente moderno da realidade inimaxinable do que lle sucedeu a Xesús ao morrer.



© Foto: <https://acninternational.org/es/mauritaniamor-desinteresado-que-cura/>

A unión definitiva co amor que é Deus non foi para Xesús o resultado da súa execución. Non foi esta a que lle deu a plenitude do seu ser, senón a súa decisión de levar ao seu pobo a boa noticia de que Deus é amor, aínda que lle custase a vida. Foi, pois, o seu amor aos homes e mulleres o que lle fixo chegar á súa plenitude. Non é pola crueldade dos seus inimigos que chegou á unión co amor orixinal, nin pola súa morte en si, senón só polo seu propio desinterese e entrega á súa misión. Pois non é a morte, senón a medida do seu amor a que o une con Deus.

En que se apoia entón a nosa fe na resurrección?

No noso propio ‘ver’ ao Xesús que vive. Este ‘ver’ é froito do anuncio. Pódese ler a historia dos de Emaús como unha parábola deste proceso. O estranxeiro que leva aos dous discípulos a esa gozosa toma de conciencia de que Xesús vive, é o que anuncia a fe. El é quen os ilumina e lles abre os ollos dunha visión interior, nunha experiencia de plenitude e sentido que comparten os que se volven ao vivente Xesús e o seguen. Ningún razoamento é comparable con esta experiencia de vida e plenitude.”

¹ Tomado do libro “Xesús, unha persoa coma nós?”. Roger Lenaers, sacerdote xesuíta e teólogo en diálogo cos non teólogos e os non crentes, sempre na fronteira, foi ademais autor dos ensaios previos: “Outro cristianismo é posible”; “Aínda que non haxa un Deus alá arriba” e “A fe na linguaxe da modernidade”. Faleceu en 2021.

No acento gráfico continúa o matiz...

Dominado ese diacrítico nas formas verbais??? A ver..., ímosvos poñer a proba... Que vos parece esta frase?: *Eles ben ven que Pepe vén ben. Dádesvos conta que importantes son os acentos para escribir e poder transmitir xusto o que queredes? E os uves o os bes, claro! Dádelle importancia á boa ortografía!!! Escribide ben incluso cando estades co wasap, poñede as palabras enteiras, redactade ben, releda o que escribides... Seguramente todos e todas teredes algunha anécdota dunha mensaxe enviada que resultou comprometida ou, cando menos, simpática por pór (!!!) o que NON queriades.*

Alá imos co resto da lista de diacríticos que debedes de ter presentes. A ver...

- O paxaro pode ter unha á tronzada ou pode ter incluso as dúas ás tronzadas, e aquí temos a “á” e mais as “ás”, extremidade das aves, con acento, igual ca a contracción de **a**, **preposición e a**, **artigo**: *Vou á feira, Anda sempre ás voltas. E tamén levará acento a carta co número 1: Trunfou cun ás de espadas! Utilízase o acento diacrítico para marcar a diferenza cos artigo a e as: A nai e a filla non se entende.*

- Non levan acento diacrítico o artigo **o**, **os** (**O** can e mais **os** gatos non pelexan), pero si o leva a contracción da preposición **a** e o artigo **o**, **os**. **Olo!!!**, esta contracción tamén a podemos escribir “ao, aos”, aínda que se lerá “ó, ós” (*Saíu ó/ao frío sen roupa de abrigo e vaille facer mal ós/aos bronquios*).

- E seguindo coas contraccións do artigo determinado, en masculino e en feminino, en singular e en plural, este tamén contrae coa conxunción comparativa e leva acento gráfico. **Olo!!!**, estas formas tamén son

correctas escritas sen contraer, é máis, incluso se prefiren!: *O marmelo é máis grande cá/ca a mazá, cás/ca as laranxas, có/ca o limón e cós/ca os aguacates. E que finalidade ten o uso deste acento diacrítico? Pois marcar a diferenza con estas palabras:*

- coa conxunción comparativa **ca**: **É máis alto ca ti.**

- coa preposición co significado de “casa”: *Vai cas Currás.*

- coa contracción da preposición **con** co artigo determinado, en masculino singular e plural: *Be-rrou co neno e cos pais.*

Tamén se van escribir con acento diacrítico:

- Os substantivos **chá e chás**, como **sinónimos de plana e planas**: *Pepe é da Terra Chá; Estas leiras son chás coma pratos. Así diferénciase da contracción do pronome persoal átono che co artigo determinado feminino singular e plural: Xa cha levo; Non chas ensino.*

- O substantivo **dó**, como **sinónimo de compaixón, aflicción**, e mais a **nota musical**: *Non ten dó de nin-*

guén; O dó é a primeira nota da escala musical. Así diferénciase da contracción da preposición de co artigo determinado masculino: Vén do cine.

- O substantivo **má e más**, **sinónimo de ruín(s)**: *Malpocado, moi má vida levou...; Isto está cheo de más herbas! Así diferénciase da contracción do pronome persoal átono me co artigo determinado feminino: Non ma deu; Xa mas levou antes.*

- O substantivo **nó e nós**, co **significado de lazo que se fai cun fío, unha corda...** e que se aperta tirando dos dous cabos para sexa difícil de soltar por si só (*Púxoselle un nó na gorxa; Fixo moitos nós cos amallós*) e mais o pronome persoal **nós** (*Iso fixémolos nós*) **tamén levan acento, para diferencialos da contracción da preposición en co artigo determinado masculino** (*Caeu no carreiro; Está nos biosbardos...*).

Manda truco! Pero mirade que temos leria! Pois non demos acabado... Se por ben é, na próxima poñémoslle o ramo...



A pola vai pola póla!